

**CONCELLERÍA
DE
EDUCACIÓN****CONCELLO
DE VIGO**

Vigo, 14 de Xuño de 2017

INFORME**VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS DESPRAZAMENTOS DE ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECEMENTO DA CIDADE "VIGO EDUCA" (Expte. 18628-332)**

Emítese o seguinte informe coa valoración das ofertas presentadas para a contratación da xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos de escolares do programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa" (Expte. 18628-332).

- Procedemento de contratación: Aberto.
- Tramitación: Ordinaria.
- Licitadores presentados no prazo establecido pola oficina municipal de contratación:

- EMPRESA RAUL, S.A.
- EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L.
- AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.
- VIAJES MELYTOUR, S.L.
- AUTOS GONZÁLEZ, S.L.
- UTE VDA. DE J. DOMÍNGUEZ, S.L. – TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A.
- AUTOINDUSTRIAL, S.A. – CASTROMIL, S.A.

Comprobada a documentación administrativa presentada polos 6 licitadores, todos eles quedaron admitidos no procedemento, durante a sesión da Mesa de Contratación celebrada o mércores 07 de Xuño ás 10,00 hs.

- Data de apertura das proposicións técnicas incluídas no sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor": 07/06/17. Remítense ao Servizo de Educación para proceder á súa análise e emisión de informe.

CRITERIOS XERAIS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS

Para a valoración das ofertas organizativas das viaxes e/ou desprazamentos escolares que propuxeron os distintos licitadores, tivéronse en conta os criterios valorativos recollidos no apartado 8.A.1 da FEC: "Calidade do operativo concreto proposto para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos escolares".

Valórase pois o proxecto organizativo de viaxes e/ou desprazamentos de escolares participantes no programa educativo municipal de coñecemento da cidade "Vigo Educa", presentado polos licitadores, dentro do cal se analizan as propostas relativas ao cumprimento e desenvolvemento a nivel organizativo, de xestión e de intendencia, de cando menos os contidos mínimos que se recollen na estrutura xeral da loxística organizativa que ven definida na cláusula 4ª e os seus 20 subpartados do PPT.

Seguíronse ordeadamente os 5 criterios de adxudicación avaliables mediante xuízo de valor incluídos na cláusula 8.A.1 da FEC: "Calidade do operativo concreto proposto para a xestión, organización e desenvolvemento dos desprazamentos escolares" (a valorar cun máximo de 12 puntos), establecéndose a xuízo de valor do técnico que suscribe, unha proposta de valoración cualitativa e cuantitativa para cada un destes apartados que se trasladan ao cadro de valoración numérica que se inclúe no remate deste informe.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 1 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Para a valoración da proposta organizativa das viaxes e/ou desprazamentos escolares oferta-da, tívose en conta o establecido na cláusula 8.A.1 da FEC aos efectos de puntuar as propos-tas dos licitadores nos seguintes aspectos: Concreción da loxística organizativa e protocolo de comunicación dos vehículos coa oficina da empresa, centros educativos participantes e Concel-lo (a valorar con ata 3 puntos); Descrición concreta do plan de seguimento, control e avaliación da prestación do servizo (a valorar con ata 2 puntos); Determinación precisa de protocolos de seguridade e de actuación en caso de accidente (a valorar con ata 2 puntos); Disponibilidade de outros protocolos que compromete o licitador (a valorar con ata 1 punto) e proposta de refor-zo da presenza institucional do Concello (a valorar con ata 4 puntos), todos eles valorados cos límites de puntuación indicados na citada cláusula.

PROXECTO ORGANIZATIVO DAS VIAXES E/OU DESPRAZAMENTOS DE ESCO-LARES PARTICIPANTES NO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECE-MENTO DA CIDADE "VIGO EDUCA"

·EMPRESA RAUL, S.A.

A oferta, cumpre co recollido na cláusula 7.A) "contido da documentación do sobre B", inda que se adecúa de xeito moi feble e pouco concreto ao cumprimento e desenvolvemento a nivel or-ganizativo, de xestión e de intendencia, dos contidos mínimos que se recollen na estrutura xe-ral da loxística organizativa que ven definida na cláusula 4ª do PPT, e que obriga a que a pro-posta do licitador conteña os distintos aspectos establecidos na cláusula 4.19 do PPT: Descrí-ción da cobertura empresarial para a xestión do programa, proxecto organizativo e descrición técnica do operativo para os desprazamentos escolares, especificación concreta e detallada das características técnicas da flota dos vehículos ofertados, e protocolo de comunicación no caso de producirse demoras por calquera motivo nos desprazamentos.

O licitador obvia e esquece reseña alguna relacionada con aspectos esenciais establecidos na cláusula 4.19 do PPT, botándose en falta algunha referencia á cobertura empresarial que se propón para a xestión do programa, ás características técnicas da flota ofertada e ao protocolo específico de comunicación no caso de producirse demoras nos desprazamentos escolares.

8.A.1.1.- Concreción da loxística organizativa e protocolos de comunicación dos vehícu-los coa oficina da empresa, centros educativos participantes e Concello (máximo 3 pun-tos): A escueta oferta propón de xeito pouco metódico e inespecífico xa que fai una reflexión xenérica sen concretar infraestrutura operativa algunha, que o correo-e é o medio de comuni-cación preferente, reforzado por outras canles como fax, teléfonos e servizos de mensaxería instantánea (washap, telegram ou similares).

Na sinxela cobertura empresarial proposta, únicamente menciona que una vez planificado o servizo a prestar, o condutor executará a orde de traballo mantendo un contacto permanente coa empresa, que poida implicar a intervención directa do xefe de servizos, que é a figura que propoñen e comprometen como interlocución co Concello e cos centros de ensino.

Adolece de descrición concreta e detallada das características técnicas da flota ofertada, e de referencia concreta e específica da actuación de comunicación prevista no caso de producirse demoras nos desprazamentos escolares.

A oferta parece máis ben unha reflexión xenérica e pouco meticulosa, e que en definitiva non aporta ningún valor engadido.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **0,10 puntos**.

8.A.1.2.- Descrición concreta do plan de seguimento, control e avaliación da prestación do servizo (máximo 2 puntos): O licitador cita inda que sen concretar e singularizar, que ten implantado un sistema de localización de flota que permitirá en tempo real o control detallado do servizo.

A oferta indica que o licitador posúe os certificados ISO 9001 (calidade) e ISO 14001 (medio ambiente) e ISO 13816 (específica de transporte), inda que non aporta acreditación documen-tal algunha.

Bótase en falta referencias claras e concretas, vencelladas coas frecuencias de remisións de planings de traballo ao Concello, co rexistro de incidencias e medidas correctoras adoitadas, e cos indicadores cualitativos sobre o nivel de cumprimento e de satisfacción dos servizos reali-



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 2 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

zados. En conclusión, bótase en falta neste apartado da oferta, algunha referencia máis concreta e específica en relación co criterio valorado.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **0,10 puntos**.

8.A.1.3.- Determinación precisa de protocolos de seguridade e de actuación en caso de accidente (máximo 2 puntos): Propón e concreta de xeito coherente o contido dun tríptico standar elaborado pola consultora en materia de seguridade e saúde laboral "Unipresalud", que determina correctamente as actuacións xenéricas en caso de accidente ou incendio, plasmando tamén consellos sobre primeiros auxilios e instrucións para a utilización dos extintores. Bótase en falta unha maior singularización neste apartado da oferta técnica, en relación coas posibles actuacións do profesorado e alumnado, principais axentes intervincentes neste programa educativo municipal.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **1,00 punto**.

8.A.1.4.- Disponibilidade de outros protocolos que compromete o licitador (máximo 1 punto): Explicita de xeito escueto e sen pormenorizar as actuacións xenéricas a seguir e inclúe na oferta catro protocolos específicos para supostos excepcionais como poidan ser: asalto, seguimento de vehículo sospeitoso, explosión por terrorismo ou terremoto.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **0,50 puntos**.

8.A.1.5.- Proposta do reforzo da presenza institucional do Concello (máximo 4 puntos):

Determina e compromete a colocación en catro dos seus vehículos nas partes laterais e traseira duns rótulos publicitarios do programa municipal de dimensións 2 X 0,40 aprox.

A meirande parte desta aportación, xa é obxecto de obrigado cumprimento, conforme ao disposto na cláusula 4.6 do PPT "características dos autobuses" que indica que alomenos 4 autobuses adscritos á prestación do servizo deberán atoparse identificados cando realicen o servizo, e deberán levar alomenos no interior do vehículo en lugar ben visible, na parte frontal e posterior do mesmo, un indicativo co logo institucional do Concello de Vigo ou logo corporativo do programa educativo previamente autorizado polo Concello, e igualmente deberán instalar un vinilo na parte traseira da carrocería dos vehículos con dita imaxe institucional ou corporativa do programa.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **0,50 puntos**.

·EMPRESA ESTÉVEZ AVIÓN, S.L.

A oferta, cumpre co recollido na cláusula 7.A) "contido da documentación do sobre B", inda que se adecúa de xeito feble e pouco riguroso ao cumprimento e desenvolvemento a nivel organizativo, de xestión e de intendencia, dos contidos mínimos que se recollen na estrutura xeral de loxística organizativa que ven definida na cláusula 4ª do PPT, e que obriga a que a proposta do licitador conteña os distintos aspectos establecidos na cláusula 4.19 do PPT: Descrición da cobertura empresarial para a xestión do programa, proxecto organizativo e descrición técnica do operativo para os desprazamentos escolares, especificación concreta e detallada das características técnicas da flota dos vehículos ofertados, e protocolo de comunicación no caso de producirse demoras por calquera motivo nos desprazamentos.

O licitador na meirande parte da súa oferta técnica, transcribe literalmente o contido das condicións particulares para a prestación do servizo, que xa son de obrigado cumprimento consonte ao recollido na cláusula 4ª do PPT.

8.A.1.1.- Concreción da loxística organizativa e protocolos de comunicación dos vehículos coa oficina da empresa, centros educativos participantes e Concello (máximo 3 puntos): A oferta en liñas xerais é moi xenérica, pouco rigurosa e carece de singularidade, e unha constante na súa análise é a transcripción literal de obrigas esixidas no PPT como: obxectivos, destinatarios, período de prestación do programa, nº de desprazamentos escolares, póliza de



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 3 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

seguro e responsabilidade civil, horarios de utilización, nº máximo de participantes, comunicación de incidencias, metodoloxía ...

Concreta a asignación de 4 vehículos, dos cales enumera algunhas das súas características técnicas e elementos de seguridade, botándose en falta unha maior descripción, e compromete un 50% de los vehículos propostos adaptados para persoas de mobilidade reducida.

O protocolo de comunicación, adolece de aspectos concretos de índole práctico, xa que menciona de xeito xenérico e inespecífico que para a asignación de desprazamentos escolares a información será incorporada ao sistema informático de xestión do licitador (sen especificar cal é), en canto á cobertura empresarial indica que persoal das oficinas centrais (cuxas funcións no programa municipal non se detallan nin describen na proposta) confirmará vía e-mail o servizo cos centros de ensino con alomenos 24 horas de antelación, indica que no caso de retraso superior a 5 minutos se dará aviso ao centro educativo (inda que non se concreta pormenorizadamente o xeito de proceder neste caso)...

A comunicación da asignación dos desprazamentos aos centros adheridos ao programa, será canalizada a través da oficina de xestión da empresa licitadora, sita na C/Fragosiño nº 24, Vigo provista dos medios axeitados para unha comunicación eficaz e rápida, inda que non determina frecuencia e disponibilidad horaria para prestar esta función de comunicación.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **0,70 puntos**.

8.A.1.2.- Descrición concreta do plan de seguimento, control e avaliación da prestación do servizo (máximo 2 puntos): Cita de xeito xenérico que a información dos servizos a prestar quedará reflexada no programa de xestión e planificación da flota (sen especificar de xeito pormenorizado como é o seu funcionamento). En todo caso, aporta acertadamente un dispositivo Apps no telf. Móvil dos condutores asignados ao programa municipal, que permite a localización en tempo real dos vehículos vía GPS.

Menciona a elaboración de enquisas de satisfacción para o profesorado acompañante inda que non aporta modelo documental ao respecto.

Bótase en falta referencias claras e concretas, vencelladas coas frecuencias de remisións de planings de traballo ao Concello, co rexistro de incidencias e medidas correctoras adoptadas, e cos indicadores cualitativos sobre o nivel de cumprimento e de satisfacción dos servizos realizados ...

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **0,60 puntos**.

8.A.1.3.- Determinación precisa de protocolos de seguridade e de actuación en caso de accidente (máximo 2 puntos): Concreta de xeito xenérico pautas de actuación ante accidentes provocados por avería mecánica, pinchazo ou reventón de neumático.

Fixa e concreta que o condutor será a máxima autoridade e responsable último da seguridade do vehículo, e toda a expedición deberá seguir as súas indicacións en caso de emerxencia.

Na proposta se inclúe unha relación concreta de "instrucións de evacuación" que abranguen o tratamento detallado e axeitado para as situacións máis comúns que poden acontecer ao longo do desprazamento con escolares: Bloqueo de portas e evacuación por ventanas de socorro ou trampillas, incendio do motor e evacuación por portas de socorro, accidentes por choque frontal / lateral / vuelco que requiren evacuación, escolar ferido ou enfermo ...

Inclúe na proposta modelo documental de tríplico vencellado coa seguridade infantil e idóneo para traballar as normas de seguridade cos escolares.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **1,75 puntos**.

8.A.1.4.- Disponibilidade de outros protocolos que compromete o licitador (máximo 1 punto): Enumera na oferta, sen describir cun mínimo de precisión, unha relación escueta e sinxela de protocolos de actuación para obxectos perdidos. Tamén cita e enumera, inda que sen explicitar pormenorizadamente o seu funcionamento, outros protocolos internos de traballo no que se instrúe aos condutores: Hixiene e imaxe persoal. Pautas de atención a pasaxeiros con



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 4 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

necesidades especiais (movilidade reducida, dificultades de visión-fala-audición), Normas de comportamento, Ubicación de equipaxes, Seguridade, Queixas e reclamacións, Situacións anómalas ...

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **0,30 puntos**.

8.A.1.5.- Proposta do reforzo da presenza institucional do Concello (máximo 4 puntos):

Adicionalmente ás obrigas que neste apartado recolle o PPT, o licitador propón a inserción de publicidade do programa municipal obxecto do contrato na súa web empresarial, ademáis de entregar aos escolares participantes globos coa imaxe institucional do Concello, e finalmente cita cuñas de radio inda que non concreta a súa posible frecuencia, perioricidade, contido ...

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **1,30 puntos**.

.AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.

A oferta, cumpre co recollido na cláusula 7.A) "contido da documentación do sobre B", e en liñas xerais se adecúa de xeito correcto e coherente ao cumprimento e desenvolvemento a nivel organizativo, de xestión e de intendencia, dos contidos mínimos que se recollen na estrutura xeral de loxística organizativa que ven definida na cláusula 4ª do PPT, e que obriga a que a proposta do licitador conteña os distintos aspectos establecidos na cláusula 4.19 do PPT: Descrición da cobertura empresarial para a xestión do programa, proxecto organizativo e descrición técnica do operativo para os desprazamentos escolares, especificación concreta e detallada das características técnicas da flota dos vehículos ofertados, e protocolo de comunicación no caso de producirse demoras por calquera motivo nos desprazamentos.

8.A.1.1.- Concreción da loxística organizativa e protocolos de comunicación dos vehículos coa oficina da empresa, centros educativos participantes e Concello (máximo 3 puntos):

A oferta concreta e compromete unha cobertura empresarial óptima e un singular plan de comunicación adaptado ás necesidades deste programa municipal e con fases ou secuencias claramente explicitadas: A asignación dos desprazamentos escolares coa intervención do servizo municipal de educación e a implicación activa do Coordinador da empresa licitadora adscrito á prestación do servizo, cuxas funcións e perfil se detallan e describen axeitadamente na proposta. A comunicación da asignación dos desprazamentos aos centros adheridos ao programa, será canalizada a través da oficina de xestión da empresa licitadora, sita na Rúa Saa Domingo Monte nº 17, 36312 Beade- Vigo, provista dos medios axeitados para unha comunicación eficaz e rápida.

No protocolo de comunicación suxire, concreta e propón nomear unha caixa de correo-e específica do programa municipal "Vigo Educa" asociado coa posible licitadora.

Describe que, atendendo ás directrices do Concello, a programación dos desprazamentos será consensuada entre o Coordinador da empresa e os responsables dos centros educativos para determinar calendario, horario e nº de escolares para o desenvolvemento dos desprazamentos; e neste aspecto, determina a remisión coa frecuencia que sexa necesaria via e-mail de dito planning ao servizo de educación para obtención de conformidade ou modificacións que se coide oportunas e control do mesmo.

Compromete visita persoal a aqueles centros educativos dos que non se obteña resposta inicial ao mailing divulgativo consensuado que se faga ao escomenzo do programa municipal "Vigo Educa".

Propón de xeito acertado e coherente, establecer un recordatorio de confirmación de reserva cos centros de ensino participantes, que se activa catro días antes da prestación do servizo, coa finalidade de confirmación de nº de alumnado e datos concretos do profesorado que realizará o desprazamento, hora de recollida...

A oferta propón flota axeitada e suficiente para o cumprimento das esixencias do prego, enumerando de xeito pormenorizado as características técnicas e de equipación do vehículos aportados, e comprometendo a disponibilidad de vehículo adaptado con plataforma elevadora para o traslado de alumnado con mobilidade reducida ou con discapacidade física-motórica.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 5 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Na fase de execución do servizo, fixa ben detallado unha "Planificación de Desprazamentos" na que o Xefe de Tráfico da empresa distribuirá os partes de servizo entre os condutores asignados, e no que inclúe aportación e incorporación de modelos documentais elaborados ao efecto, que describen tabulados todos os elementos de interese (data, orixe, destino, horario, nº viaxeiros, condutor e vehículo asignado, observacións, rexistro de incidencias).

Aporta en anexos modelos documentais axeitados como carta de presentación do programa, solicitude de visita didáctica, ficha de inscrición no programa e planing-calendario de visitas didácticas programadas.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **3,00 puntos**.

8.A.1.2.- Descrición concreta do plan de seguimento, control e avaliación da prestación do servizo (máximo 2 puntos): Compromete a elaboración de informes de prestación do servizo, que recolle os servizos realizados, nivel de cumprimento das programacións, rexistro de incidencias e medidas correctoras adoptadas e indicadores cualitativos) e que será remitido ao servizo municipal de educación.

Propón e fixa ben detallados como instrumentos de control para a recollida de datos, o rexistro de incidencias e os formularios ou enquisas de satisfacción da viaxe que serán entregadas polo condutor aos responsables dos centros unha vez rematada a visita didáctica, para unha vez cumprimentadas ser devolta ao Coordinador da empresa. A oferta tamén inclúe a incorporación de modelo documental de enquisa de satisfacción.

O licitador compromete en caso de avería, a substitución do vehículo nun tempo inferior e media hora. Igualmente compromete sen cargo algún para o Concello, unha viaxe para o centro de ensino de iguais características, naqueles casos de retraso superior a 15 minutos, sempre que non sexa achacable a unha causa de forza maior (accidente, corte tráfico, manifestación, climatoloxía adversa ...). Tamén compromete compensar aos centros de ensino, e sen cargo algún para o Concello, con dúas viaxes de iguais características cando non se realice o servizo previsto por avería ou erro de xestión imputable ao licitador.

A oferta inclúe un servizo de entrega nun prazo non superior ás 24 hs de obxectos perdidos.

O licitador acredita documentalmente mediante certificado expedido, a imprantación dun Sistema de Xestión de Calidade baseado nas Normas UNE-EN-ISO 9001:2000

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,00 puntos**.

8.A.1.3.- Determinación precisa de protocolos de seguridade e de actuación en caso de accidente (máximo 2 puntos): Concreta de xeito coherente e describe de xeito pormenorizado pautas de conduta do condutor, profesorado e alumnado, en caso de accidente.

Fixa e concreta que o condutor será a máxima autoridade e responsable último da seguridade do vehículo, e toda a expedición deberá seguir as súas indicacións en caso de emerxencia. Na proposta se inclúe unha relación concreta de "instrucións e procedementos de evacuación" que abranguen o tratamento detallado e axeitado para as situacións máis comúns que poden acontecer ao longo do desprazamento con escolares: Accidente de tráfico, avería mecánica, pinchazo ou similar, e incendio do vehículo. Salientar sobre esta última casuística particular, a inclusión na oferta dunhas indicacións xerais sobre como utilizar un extintor, actuacións sobre primeiros auxilios e precaucións relacionadas coa seguridade persoal.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,00 puntos**.

8.A.1.4.- Disponibilidade de outros protocolos que compromete o licitador (máximo 1 punto): Explicita de xeito pormenorizado nos anexos da oferta técnica e inclúe modelos documentais de protocolos específicos sobre o sistema de xestión de calidade, información aos pasaxeiros con todo o relacionado coa sinalética interior e exterior, atención ao cliente facendo fincapé a aquelas pasaxeiros con necesidades especiais (movilidade reducida, cadeiras de rodas, muletas, bastóns, dificultades de visión-fala-audición, limitacións comprensivas) , manual do condutor con referencias á xornada laboral, pautas de conduta, emerxencias e contratempos, consellos de seguridade na estrada ...



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 6 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **1,00 punto**.

8.A.1.5.- Proposta do reforzo da presenza institucional do Concello (máximo 4 puntos):

Determina a colocación de cartel lateral en todos os autocares coa imaxe do programa, ademais da aportación de rótulos luminosos tipo led situados nos parabrisas dianteiros como soporte publicitario do programa municipal "Vigo Educa", DVDs en todos os vehículos para a difusión dos audiovisuais promocionais da cidade que se coide oportunos. Suxire unha posible presentación da flota de vehículos do programa, nalgún sitio idóneo como o estacionamento do Museo "Verbum".

Propón unha animación baseada na coñecida imaxe do "Dinoseto" e compromete portar como mínimo ese deseño en 1 ventá de 3 dos autocares adscritos ao programa.

Propón que os vehículos adscritos á iniciativa didáctica municipal "Vigo Educa", porten a imaxe de turismo de Vigo e acheguen información turística da cidade, naqueles competicións deportivas nacionais nas que de xeito cotiá participan clubs deportivos de Vigo, clientes do licitador.

O licitador compromete asumir sen cargo algún para o Concello, aqueles desprazamentos de escolares que acuden a unha recepción institucional no Concello, relacionados con intercambios de estudantes doutros países.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,30 puntos**.

·VIAJES MELYTOUR, S.L.

A oferta, cumpre co recollido na cláusula 7.A) "contido da documentación do sobre B", e en liñas xerais, se adecúa ao cumprimento e desenvolvemento a nivel organizativo, de xestión e de intendencia, dos contidos mínimos que se recollen na estrutura xeral de loxística organizativa que ven definida na cláusula 4ª do PPT, e contén os distintos aspectos establecidos na cláusula 4.19 do PPT: Descrición da cobertura empresarial para a xestión do programa, proxecto organizativo e descrición técnica do operativo para os desprazamentos escolares, especificación concreta e detallada das características técnicas da flota dos vehículos ofertados, e protocolo de comunicación no caso de producirse demoras por calquera motivo nos desprazamentos.

Igualmente, cómpre indicar que o licitador tamén incluíu no sobre B, o presuposto desglosado coa descomposición en porcentaxes das diversas partidas que o integran, correspondentes ao prezo total do servizo a aboar polo Concello, debendo esta documentación aportarse no sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" consonte ao disposto na cláusula 13.C) do PCAP. En todo caso, da valoración da documentación achegada, non se pode deducir o prezo final da oferta económica que deba ser presentada polo licitador no Sobre C.

8.A.1.1.- Concreción da loxística organizativa e protocolos de comunicación dos vehículos coa oficina da empresa, centros educativos participantes e Concello (máximo 3 puntos): A oferta en liñas xerais é moi xenérica e carece de singularidade, e da súa análise deríbase nalgúns apartados a transcripción literal de obrigas xa esixidas no PPT como: obxectivos, destinatarios, período de prestación do programa, nº de desprazamentos escolares, póliza de seguro e responsabilidade civil, horarios de utilización, nº máximo de participantes, comunicación de incidencias, metodoloxía, presuposto de gastos, asignación de desprazamentos escolares, xestión do calendario de desprazamentos escolares ...

A oferta propón flota axeitada e suficiente para o cumprimento das esixencias do prego, enumerando de xeito pormenorizado as características técnicas e de equipación do vehículos aportados, e comprometendo a dispoñibilidade de autobuses adaptados con plataforma elevadora para o traslado de alumnado con mobilidade reducida ou con discapacidade física-motórica. Neste punto, tamén propón dispoñibilidade de flota adicional de autocares con dotación ata 70 prazas por si as necesidades de xestión do programa o requiren nalgún intre.

A oferta concreta e compromete un plan de comunicación en función dos axentes intervinientes, completo inda que presenta rasgos de standarización:

Determina de xeito xenérico, e sen concretar e precisar actuacións que se derivan, que o licitador comprométese a minimizar na medida do posible retrasos na prestación de servizo, deben-



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 7 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

do xustificar no servizo municipal de educación as causas dos retrasos superiores a 15 minutos.

Fixa e compromete unha cobertura empresarial óptima e o proceso de comunicación de vehículos asignados coa oficina a través de telefonía móbil cun sistema de mans libres Bluetooth.

Fixa o proceso de comunicación cos Centros Educativo canalizado a través da oficina de xestión da empresa licitadora, sita na Avda. Madrid, nº 57 – Local 11 (Vigo) provista dos medios axeitados para unha comunicación eficaz e rápida, e concreta horario de atención diaria en xornada de mañá e tarde, con persoa de garda as 24 horas do día os 365 días do ano. Tamén aporta como medio de comunicación, teléfono de contacto 24 horas do Delegado empresarial do programa ou Coordinador Xeral das Viaxes.

Determina que o "Plan de Servizo" ou a programación dos desprazamentos será consensuada entre o Delegado da empresa e os responsables dos centros educativos para fixar o calendario, horario e nº de escolares para o desenvolvemento dos desprazamentos; inda que non determina a remisión con ningún tipo de frecuencia de dito planing ao servizo de educación, polo que bótase en falta na oferta descrición concreta do operativo específico de comunicación co Concello.

A oferta contén un erro na proposta da conta de correo-e específica do programa, xa que fai referencia a un programa educativo municipal que deixou de prestarse fai algúns anos "vigopordentro".

Detalla "Plan de Servizo" no que o responsable de Tráfico da empresa distribuirán as ordes de traballo entre os condutores asignados coa seguinte información: datos do condutor, datos do autocar, paradas a realizar, hora e lugar de saída, hora e lugar de retorno, kilometraje, observacións, incidencias), inda que non aporta nin incorpora modelo documental algún.

Prantexa axeitadamente un proceso de comunicación de incidencias e describe actuacións a seguir.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,00 puntos**.

8.A.1.2.- Descrición concreta do plan de seguimento, control e avaliación da prestación do servizo (máximo 2 puntos):

Determina protocolo específico de xeito máis xenérico para comunicación de incidencias e os formularios ou enquisas de satisfacción da viaxe que serán enviados vía e-mail aos responsables dos centros para valorar a prestación da actividade. Tamén se aporta e incorpora en anexo I modelo documental do cuestionario da calidade do servizo.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **1,00 punto**.

8.A.1.3.- Determinación precisa de protocolos de seguridade e de actuación en caso de accidente (máximo 2 puntos):

Determina que o coordinador de transporte da empresa é o responsable dos condutores e estes últimos serán a máxima autoridade e responsables da seguridade do vehículo. Propón e determina unhas pautas coherentes de conduta e protocolo de seguridade no transporte escolar.

Propón e detalla un protocolo específico de actuación en caso de accidente, que distingue entre un accidente de tránsito na ruta escolar ou colisión con outro vehículo, e un accidente de circulación grave nas vías empregadas para a prestación do servizo.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,00 puntos**.

8.A.1.4.- Disponibilidade de outros protocolos que compromete o licitador (máximo 1 punto):

Determina e explicita de xeito óptimo un protocolo específico para actuación no caso de climatoloxía adversa: nevadas, fortes choivas, alerta fortes ventos, etc.

Determina e explicita protocolo por indisposición dun escolar durante a prestación do servizo por mareo ou indisposición.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 8 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Determina e explicita protocolo en caso de olvidos no autocar (mochilas, roupa ...) para tentar recuperalos no menor tempo posible.

Determina e explicita protocolo de imprantación dun plan de transporte sostible na procura de producir baixas emisións de dióxido de carbono e un menor consumo enerxético.

Determina e explicita protocolo de formación e información continuada a condutores en conducción eficiente, para acadar un menor consumo de carburante, unha redución da contaminación ambiental por parte dos vehículos e unha redución do risco na estrada.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **1,00 punto**.

8.A.1.5.- Proposta do reforzo da presenza institucional do Concello (máximo 4 puntos):

Determina e compromete a incorporación de letreiros luminosos dinámicos de carácter institucional do Concello de Vigo e do programa obxecto deste proceso de contratación, ademais de que os conductores irán equipados co uniforme identificativo co logo do Concello e o programa. Esta última cuestión xa é obxecto de obrigado cumprimento, conforme ao disposto na cláusula 4.18.1 do PPT, que recolle que a empresa adxudicataria deberá equipar aos conductores asignados ao servizo con uniforme coa imaxe institucional do Concello de Vigo ou logo corporativo do programa educativo.

Determina e compromete a instalación de placas laterais e traseiras duns rótulos publicitarios do Concello de Vigo indicando o nome do programa municipal "Vigo Educa".

A meirande parte desta aportación, xa é obxecto de obrigado cumprimento, conforme ao disposto na cláusula 4.6 do PPT "características dos autobuses" que indica que alomenos 4 autobuses adscritos á prestación do servizo deberán atoparse identificados cando realicen o servizo, e deberán levar alomenos no interior do vehículo en lugar ben visible, na parte frontal e posterior do mesmo, un indicativo co logo institucional do Concello de Vigo ou logo corporativo do programa educativo previamente autorizado polo Concello, e igualmente deberán instalar un vinilo na parte traseira da carrocería dos vehículos con dita imaxe institucional ou corporativa do programa.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **1,30 puntos**.

·AUTOS GONZÁLEZ, S.L.

A oferta, cumpre co recollido na cláusula 7.A) "contido da documentación do sobre B", e en liñas xerais se adecúa de xeito correcto e coherente ao cumprimento e desenvolvemento a nivel organizativo, de xestión e de intendencia, dos contidos mínimos que se recollen na estrutura xeral de loxística organizativa que ven definida na cláusula 4ª do PPT, e que obriga a que a proposta do licitador conteña os distintos aspectos establecidos na cláusula 4.19 do PPT: Descrición da cobertura empresarial para a xestión do programa, proxecto organizativo e descrición técnica do operativo para os desprazamentos escolares, especificación concreta e detallada das características técnicas da flota dos vehículos ofertados, e protocolo de comunicación no caso de producirse demoras por calquera motivo nos desprazamentos.

8.A.1.1.- Concreción da loxística organizativa e protocolos de comunicación dos vehículos coa oficina da empresa, centros educativos participantes e Concello (máximo 3 puntos):

A oferta concreta e compromete unha cobertura empresarial óptima e un singular plan de comunicación adaptado ás necesidades deste programa municipal e con fases ou secuencias claramente explicitadas: A asignación dos desprazamentos escolares coa intervención do servizo municipal de educación e a implicación activa do Coordinador da empresa licitadora adscrito á prestación do servizo, cuxas funcións e perfil se detallan e describen axeitadamente na proposta. Describe e detalla que para a comunicación co Concello e a comunicación da asignación dos desprazamentos cos centros adheridos ao programa, será canalizada a través da oficina de xestión da empresa licitadora, sita na Rúa Rúa Areal, nº 58 – 1º Vigo, provista dos medios axeitados para unha comunicación eficaz e rápida, e concreta horario de atención diaria en xornada de mañá e tarde, con persoa de garda as 24 horas do día os 365 días do ano.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 9 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

No protocolo de comunicación suxire, concreta e propón nomear unha caixa de correo-e específica do programa municipal "Vigo Educa" asociado coa posible licitadora.

Describe que, atendendo ás directrices do Concello, a programación dos desprazamentos será consensuada entre o Coordinador da empresa e os responsables dos centros educativos para determinar calendario, horario e nº de escolares para o desenvolvemento dos desprazamentos; e neste aspecto, determina a remisión inicialmente con frecuencia mensual via e-mail de dito planing ao servizo de educación (ou semanal si o Concello o coida oportuno) para obtención de conformidade, consensuar modificacións e control do mesmo.

Propón de xeito acertado e coherente, establecer un recordatorio de confirmación de reserva cos centros de ensino participantes, que se activa con perioricidade semanal antes da prestación do servizo, coa finalidade de confirmación de nº de alumnado e datos concretos do profesorado que realizará o desprazamento, hora de recollida... Será logo reforzado coa comunicación vía e-mail nas 24 hs que anteceden á prestación do servizo.

A oferta propón flota axeitada e suficiente para o cumprimento das esixencias do prego, enumerando de xeito pormenorizado as características técnicas e de equipación do vehículos aportados, e comprometendo a disponibilidad de vehículos adaptados con plataforma elevadora para o traslado de alumnado con mobilidade reducida ou con discapacidade física-motórica. Describe que os vehículos asignados para obter información da súa ubicación en tempo real, todos eles están dotados dun sistema GPS o que garante en todo intre a comunicación inmediata e o sistema de localización, teléfono móbil con mans libres Bluetooth, sistema de mensaxes "Locatel", e disposición dunha Tablet Informativa.

Determina que o departamento de administración rexistrará nun sistema integral informático de "xestión de servizos e reservas" os desprazamentos previstos e aprobados que estará coordinado polo Delegado de empresa que o trasladará aos dous coordinadores de tráfico da empresa.

Na fase de execución do servizo, fixa ben detallado unha "Planificación de Desprazamentos" na que 2 Xefes de Tráfico da empresa distribuirá os partes de servizo entre os condutores asignados, e no que inclúe aportación e incorporación de modelos documentais elaborados ao efecto, que describen tabulados todos os elementos de interese (data, orixe, destino, horario, nº viaxeiros, condutor e vehículo asignado, observacións, rexistro de incidencias).

Aporta en anexos varios modelos documentais, todos eles axeitados e coherentes para o desenvolvemento do programa: comunicación inicial do programa, formulario de reserva, planing de desprazamentos semanas, comunicación de actividade programada, confirmación da reserva ...

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **3,00 puntos**.

8.A.1.2.- Descrición concreta do plan de seguimento, control e avaliación da prestación do servizo (máximo 2 puntos):

Determina protocolo específico de xeito detallado para a comunicación de incidencias e propón elaboración de formularios concretos para valorar por parte do Concello o seguimento e prestación da actividade.

O licitador compromete a solución de incidencias nas que sexa necesario a substitución ou transbordo de vehículo, nun tempo máximo de resposta de 15 minutos.

Aporta en anexos modelos documentais, todos eles axeitados e coherentes para o seguimento, control e avaliación do programa: incidencias durante o servizo, comunicación tras a visita, enquisa de satisfacción, informe de non conformidade, resumen da actividade, balance anual e planing-calendario de visitas didácticas programadas.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,00 puntos**.

8.A.1.3.- Determinación precisa de protocolos de seguridade e de actuación en caso de accidente (máximo 2 puntos):

Determina que o coordinador de transporte da empresa é o responsable dos condutores asignados ao programa, os cales serán a máxima autoridade e responsables últimos da seguridade do vehículo, e fixa de xeito exahustivo unhas pautas coherentes de conduta e protocolo de seguridade no transporte escolar.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 10 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Propón e detalla varios protocolos específicos de actuación en caso de accidente, que distinga entre un accidente de tránsito na ruta escolar ou colisión con outro vehículo, un accidente de circulación grave nas vías empregadas para a prestación do servizo, un incendio na ruta escolar que require a evacuación do vehículo, un choque frontal / lateral /ou por alcance que require evacuación, envorco total ou parcial do vehículo, caída á auga, avería mecánica / pinchazo ou reventón de neumático,

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,00 puntos**.

8.A.1.4.- Disponibilidade de outros protocolos que compromete o licitador (máximo 1 punto): Determina e explicita protocolo específico para o transporte de atención de alumnado con mobilidade reducida e en cadeira de rodas.

Determina e explicita protocolo específico de actuación por indispoñibilidade do condutor unha vez iniciado o desprazamento.

Determina e explicita protocolo específico para actuación no caso de climatoloxía adversa: nevadas, fortes choivas, alerta fortes ventos, etc

Determina e explicita protocolo por indisposición dun escolar durante a prestación do servizo por mareo ou indisposición.

Determina e explicita protocolo en caso de olvidos no autocar (mochilas, roupa ...) para tentar recuperalos no menor tempo posible.

Determina e explicita protocolo específico en caso de vehículo sospeitoso.

Determina e explicita protocolo específico en caso de terrorismo por explosión.

Determina e explicita protocolo de imprantación dun plan de transporte sostible na procura de producir baixas emisións de dióxido de carbono e un menor consumo enerxético.

Determina e explicita protocolo de formación e información continuada a condutores en conducción eficiente, para acadar un menor consumo de carburante, unha redución da contaminación ambiental por parte dos vehículos e unha redución do risco na estrada.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **1,00 punto**.

8.A.1.5.- Proposta do reforzo da presenza institucional do Concello (máximo 4 puntos):

Determina e compromete a incorporación de vinilos de carácter institucional do Concello de Vigo e do programa obxecto deste proceso de contratación, na parte traseira de 8 vehículos, do cal se adxunta foto-montaxe na proposta; mellorando polo tanto, en 4 autobuses máis a obrigatoriedade recollida no PPT,

Compromete letreiros luminosos dinámicos, e paneis laterais publicitarios na carrocería exterior, do cal se adxunta foto-montaxe na proposta.

Tamén compromete aportar ao profesorado acompañante en cada desprazamento petos reflectantes de seguridade vial nos que figure o logo do Concello de Vigo e o nome do programa, do cal se adxunta foto-montaxe na proposta.

Compromete pase de videos promocionais de carácter institucional no interior dos vehículos adscritos ao servizo.

Ofrece un espazo na páxina web do licitador que facilite o enlace coa web institucional do Concello.

Compromete información actualizada sobre posibles vacantes de postos de traballo que se poidan xerar na empresa, coa finalidade de que o servizo municipal que corresponda do Concello de Vigo poida publicitalo entre desempregados do Concello de Vigo coa finalidade de participar no proceso de selección de persoal da empresa licitadora.

Compromete unha publicación promocional na prensa local previa ao escomenzo do programa "Vigo Educa", cuxo contido será consensuado do servizo municipal de educación.

Determina e compromete a aportación e posta a disposición do Concello polo periodo dun mes dun singular autobús de dobre piso modelo Bristol, que levará instalados vinilos divulgativos promocionais do programa, e poderá empregarse para circular pola cidade, presentar o programa proxectando video promocional xa que conta con dotación para elo na pranta superior, do cal se adxunta orixinal foto-montaxe na proposta.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 11 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **4,00 puntos**.

UTE VDA. J. DOMÍNGUEZ, S.L. – TRANSPORTES LA UNIÓN, S.A. **AUTOINDUSTRIAL, S.A. – CASTROMIL, S.A.**

A oferta, cumpre co recollido na cláusula 7.A) "contido da documentación do sobre B", e en liñas xerais se adecúa de xeito correcto e coherente ao cumprimento e desenvolvemento a nivel organizativo, de xestión e de intendencia, dos contidos mínimos que se recollen na estrutura xeral de loxística organizativa que ven definida na cláusula 4ª do PPT, e que obriga a que a proposta do licitador conteña os distintos aspectos establecidos na cláusula 4.19 do PPT: Descrición da cobertura empresarial para a xestión do programa, proxecto organizativo e descrición técnica do operativo para os desprazamentos escolares, especificación concreta e detallada das características técnicas da flota dos vehículos ofertados, e protocolo de comunicación no caso de producirse demoras por calquera motivo nos desprazamentos.

8.A.1.1.- Concreción da loxística organizativa e protocolos de comunicación dos vehículos coa oficina da empresa, centros educativos participantes e Concello (máximo 3 puntos):

A oferta concreta e compromete unha cobertura empresarial óptima e un singular plan de comunicación adaptado ás necesidades deste programa municipal e con fases ou secuencias claramente explicitadas: A asignación dos desprazamentos escolares coa intervención do servizo municipal de educación e a implicación activa do Coordinador da empresa licitadora adscrito á prestación do servizo, cuxas funcións e perfil se detallan e describen axeitadamente na proposta. Describe e detalla que para a comunicación co Concello e a comunicación da asignación dos desprazamentos cos centros adheridos ao programa, será canalizada a través da oficina de xestión da empresa licitadora, sita na Rúa Rúa Gandarón, nº 48 – 36214 Vigo, provista dos medios axeitados para unha comunicación eficaz e rápida, inda que non determina frecuencia e disponibilidad horaria.

Describe que, atendendo ás directrices do Concello, a programación dos desprazamentos será consensuada entre o Coordinador da empresa e os responsables dos centros educativos para determinar calendario, horario e nº de escolares para o desenvolvemento dos desprazamentos; e neste aspecto, indica que dentro da programación mensual de desprazamentos prepararán o planing de traballo cunha semana de antelación, sendo supervisados os cadros de traballo de cada xornada con 24 hs de antelación. Na fase de execución do servizo, o Xefe de Tránsito da empresa distribuirá entre os condutores asignados, o cadro de servizos asignando vehículos e supervisará a correcta execución dos mesmos, anotando calquera incidencia que poida xurdir ao longo do seu desenvolvemento.

Determina a remisión inicialmente con frecuencia mensual via e-mail do planing de traballo ao servizo de educación para obtención de conformidade, consensuar modificacións e control do mesmo.

A oferta propón flota axeitada e suficiente para o cumprimento das esixencias do prego, enumerando de xeito pormenorizado as características técnicas e de equipación dos vehículos aportados, e comprometendo a disponibilidad de vehículos adaptados con plataforma elevadora para o traslado de alumnado con mobilidade reducida ou con discapacidade física-motórica. A licitadora tamén fai constar que no caso de ser necesario, dispón de dotación de vehículos con ata 60 prazas.

No apartado da flota a licitadora conta cun sistema de Xestión denominado "Flotasnet" que posibilita poder visualizar en tempo real a posición de calquera vehículo asignado ao programa.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **3,00 puntos**.

8.A.1.2.- Descrición concreta do plan de seguimento, control e avaliación da prestación do servizo (máximo 2 puntos): Describe que o condutor disporá dun rexistro de control e seguimento no que constará o servizo a prestar ese día, detalle da ruta, nome do condutor, listado de usuarios, observacións e incidencias producidas. Ao finalizar o servizo, éste será supervisado para comprobar a súa realización satisfactoria, consonte ao Plan de Calidade baseado na Norma UNE EN 13816 que acredita documentalmente a UTE licitadora, e que primordial-



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 12 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

mente abordará estándares de calidade relacionados coa puntualidade, mantemento, limpeza e atención ao viaxeiro.

Propón e compromete a solución de calquera tipo de eventualidade, averías e/ou incidencias nas que sexa necesario a substitución ou transbordo de vehículo, nun tempo de resposta inferior a 15 minutos.

Neste aspecto, tamén aporta e determina cadro do plan de formación coa enumeración de 10 accións ou cursos na modalidade presencial a distancia ou mixta impartido aos conductores.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,00 puntos**.

8.A.1.3.- Determinación precisa de protocolos de seguridade e de actuación en caso de accidente (máximo 2 puntos): Concreta e determina un xenérico plan de continxencias, que presenta rasgos de standarización, clasificadas en tres niveis dependendo do nivel de importancia, e que dará lugar á aplicación da fase de detección e notificación da mesma, para finalmente analizar as súas causas, avaliar a continxencia e executar accións de resolución para minimizar a súa incidencia no servizo (averías mecánicas en ruta que non impiden continuar o servizo, averías que impiden continuar o servizo, situación graves de emerxencia)

A UTE licitadora garante un tempo máximo de resposta de 15 minutos para a solución de incidencias, e para a continuidade do servizo ante incidencias que interrompan a execución do mesmo.

Fixa e concreta accións integradas nun protocolo específico de actuación diante de accidentes e determina intervencións en función do colectivo afectado: Conductor, Xefe de Tráfico da empresa, Xefe do Taller de Mantemento, Cliente ... O devandito protocolo tamén investiga a causa, avalía a eficacia das solucións propostas para subsanar as deficiencias detectadas, e implanta as medidas correctoras para minimizar o risco de repetición do mesmo.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **2,00 puntos**.

8.A.1.4.- Disponibilidade de outros protocolos que compromete o licitador (máximo 1 punto):

Determina protocolo específico diante de incrementos puntuais na demanda do servizo.

Determina protocolo específico de actuación de emerxencia nos pasaxeiros (accidentes, caídas, desvanecementos, infartos...)

Determina protocolo de actuación xenérico, para avarías no vehículo que impiden a finalización do servizo en condicións normais.

Determina protocolo específico de resposta diante de situacións de inundacións e factores meteorolóxicos adversos.

Determina protocolo específico de actuación ante situación de saturación, conxestión do tráfico.

Determina protocolo específico de actuación diante de agresións, diante de indisposición do conductor, diante de indisposición de viaxeiro, diante de pasaxeiros que causan trastornos ...

Aporta modelos documentais de ficha de actuación diante dun posible risco, e formulario específico para describir o incidente.

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntúase este apartado con **1,00 punto**.

8.A.1.5.- Proposta do reforzo da presenza institucional do Concello (máximo 4 puntos):

Propón e compromete o pase de videos promocionais de carácter institucional no interior do vehículo, a cobertura na páxina web do grupo Monbús, facilitando enlace coa web institucional do Concello, e a colaboración no prazo de 3 meses dende a posible adxudicación do servizo obxecto da licitación para no caso de ter vacantes na empresa informar aos servizos de orientación laboral do Concello de Vigo para que persoas de Vigo desempregadas podan participar no proceso de selección da licitadora.

A oferta tamén indica que todos os vehículos propostos contan con rótulos electrónicos frontais nos que poderá amosarse pases permanentes coa denominación do programa municipal.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 13 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Tendo en conta as consideracións anteriores, e tal e como se reflicte no cadro resumo, puntuáase este apartado con **1,80 puntos**.

CADRO RESUMO DA AVALIACIÓN DOS CRITERIOS POR XUIZO DE VALOR DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN E TRANSPORTE DOS DESPRAZAMENTOS DE ESCOLARES DO PROGRAMA EDUCATIVO MUNICIPAL DE COÑECEMENTO DA CIDADE "VIGO EDUCA"

Empresa	Loxística organizativa e protocolos comunicación	Plan seguimento, control e avaliación	Protocolos seguridade e actuación en accidente	Outros protocolos que compromete licitador	Proposta reforzo presenza institucional Concello	Total
Puntuación máxima	(3 puntos)	(2 puntos)	(2 puntos)	(1 punto)	(4 puntos)	12
EMPRESA RAUL	0,10	0,10	1,00	0,50	0,50	2,20
ESTÉVEZ AVIÓN	0,70	0,60	1,75	0,30	1,30	4,65
AUT LA FLORIDA	3,00	2,00	2,00	1,00	2,30	10,30
VIAJES MELYTOUT	2,00	1,00	2,00	1,00	1,30	7,30
AUTOS GONZÁLEZ	3,00	2,00	2,00	1,00	4,00	12,00
UTE DOMÍNGUEZ/ UNIÓN/AUTOINDUSTRIA/CASTROMIL	3,00	2,00	2,00	1,00	1,80	9,80

O TÉCNICO DE EDUCACIÓN

Asdo.: Pedro M^a Vázquez Iglesias

CONFORME
A XEFA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN

Asdo.: María José Loureiro Bada



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 12:20

Páxina 14 de 14

Expediente 18628/332

Código de verificación: 2BEC4-B3CC5-E8A3E-E4E3A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>